



BOP

LUNS, 19 DE AGOSTO DE 2019

N.º 189

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOVILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 12 de agosto de 2019 do Servizo Provincial de Lugo da Axencia Galega de Infraestruturas pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación, para a expropiación dos bens e dereitos afectados polas obras do proxecto de "Fomento da mobilidade sostible. Senda na LU-621. Treito: A Pobra de San Xiao - Urbanización de Valdriz" de clave "LU/16/251.06". Concello de Láncara.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu apartado 2º a competencia da comunidade autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do estado en materia de expropiación forzosa.

Con data de 24 de abril de 2019, a Axencia Galega de Infraestruturas resolveu aprobar o proxecto de construción do "Fomento da mobilidade sostible. Senda na LU-621. Treito: A Pobra de San Xiao - Urbanización de Valdriz" de clave "LU/16/251.06".

Con data de 9 de maio de 2019 a Xunta de Galicia procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de "Fomento da mobilidade sostible. Senda na LU-621. Treito: A Pobra de San Xiao - Urbanización de Valdriz", no concello de Láncara (clave LU/16/251.06), por Decreto 51/2019, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 98 de data de 24 de maio de 2019.

A tramitación do expediente expropiatorio debe de axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu regulamento de 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este Servizo, en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta Consellería, publicada no DOG nº179 do 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios do concello de Láncara, para que comparezan no lugar, data e hora que se detalla a continuación, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Lugar: Salón de plenos do Concello de Láncara

Data: 11 de setembro de 2019

Horario: de 10,00 a 11,00 horas

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos no concello de Láncara e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Lugo (Edificio Administrativo, Ronda da muralla, nº 70 - 27071 Lugo).

A dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade e o último recibo da contribución, así como certificado de conta cos códigos IBAN E BIC, a fin de proceder aos sucesivos pagos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar á súa costa, se o estiman oportuno dos seus peritos e notarios.

Lugo, 12 de agosto de 2019.- O xefe do Servizo Provincial Por Delegación (Orde do 7 de setembro de 2017 da Consellería de Infraestruturas e Vivenda) Gonzalo Vázquez Cabo (Por Substitución. Resolución de 17 de xullo de 2013).

R. 2503

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Información pública

Aprobado por Decreto da Alcaldía, do oito de agosto de 2019 os seguintes padróns correspondentes ao segundo trimestre de 2018:

- ◆ Padrón da taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga, taxa de vertedura e dereito de acometida.
- ◆ Padrón da taxa por recollida de lixo

De conformidade co disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, O Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, e as ordenanzas reguladoras correspondentes, expónse ó público polo prazo de quince días contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo, a efectos de exame e reclamacións. Fixase o período de cobro en voluntaria dende o 11 de setembro ata o 11 de novembro de 2019, ámbolos dous inclusive.

A falta de pagamento no período voluntario no tocante a auga, lixo e dereito de acometida, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

E canto ao canon da auga e taxa de vertedura, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

Recurso; Contra o acordo de aprobación dos padróns de abastecemento de auga e recollida de lixo poderá interporse recurso de reposición. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns ante o Alcalde.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga e taxa de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria

Alfoz, 9 de agosto de 2019.- Alcalde do Concello de Alfoz, JORGE VAL DIAZ.

R. 2473

ANTAS DE ULLA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, de data 14 de agosto de 2019, o Orzamento Xeral para o exercicio económico 2019 e o plantel de persoal para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

Antas de Ulla, 14 de agosto de 2019.- Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 2513

BECERREÁ*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía de data 09/08/2019, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de agosto do 2019 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 09/10/2019. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá. 9 de agosto de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2474

BEGONTE*Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2019, o expediente de modificación de créditos núm. 10 /2019 (3º de competencia do pleno), dentro do vixente Presuposto municipal, por un importe total de Noventa e seis mil cento cincuenta e nove con dez (96.159,10) euros, e transcurrido o prazo dos quince días hábiles, contados a partir da inserción do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, sin que se tivesen presentado reclamacións, o mesmo entenderase elevado a definitivo, quedando o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido orzamento, da seguinte forma:

Cap. 1.- Remuneracións de persoal.	988.475,58 €.
Cap. 2.- Compra de bens correntes e de servizos.	1.424.450,23 “
Cap. 3.- Gastos financeiros.	3.050,00 “
Cap. 4.- Transferencias correntes.	195.560,00 “
Cap. 5.- Fondo de Continxencia.	36.670,90 “

Cap. 6.- Inversións reais.	1.348.319,36 “
Cap. 7.- Transferencias de capital.	0,00 “
Cap. 8.- Variación de activos financeiros.	0,00 “
Cap. 9.- Variación de pasivos financeiros.	29.360,00 “
SUMA TOTA	4.025.886,07 €

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Begonte, a 14 de Agosto de 2019.- Luis Luaña Castelo.

R. 2514

CHANTADA

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local do Concello de Chantada, en sesión ordinaria celebrada o día 14 de agosto do 2019 aprobaronse as seguintes:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS O TRANSPORTE ESCOLAR DE ALUMNOS/AS DO CONCELLO DE CHANTADA QUE CURSAN ESTUDOS FORA DO TERMO MUNICIPAL

1.- OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto desta convocatoria e a concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudaron fora do termo municipal durante o curso 2018/2019 , e en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos , algún dos seguintes estudos que non se imparten no Concello de Chantada :

- Ciclo medio de formación profesional
- Ciclo superior de formación profesional
- Estudos universitarios ou de réxime especial
- Outros estudos non impartidos en centros oficiais do termo municipal.

2.- BENEFICIARIOS

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os ou as/os propias/os alumnas/os se son maiores de idade que reúnan os seguintes requisitos:

- a.- Toda a unidade familiar deberá estar empadroada no Concello de Chantada.
- b.- Ter cursado ou ter fillas/os cursando algún dos estudos indicados na base primeira nalgún centro educativo sostido con fondos públicos durante o curso 2018/2019 e ter aprobado a lo menos ó 30 % das materias correspondentes a matrícula do curso 2017/2018.
- c.- Non superar os ingresos económicos fixados no baremo destas bases.
- d.- Non ser , ningún membro da unidade familiar, debedor/a a Facenda Municipal, Autonómicas ou Estatal así como a Seguridade Social.
- e.- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Chantada.
- f.- Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro , Xeral de Subvencións e o artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

3.- REQUISITOS

1.- Ter cursado algún dos estudos indicados na base primeira nalgún centro educativo sostido con fondos públicos durante o curso 2018/2019 e ter aprobado a lo menos ó 30 % das materias correspondentes a matrícula do curso 2017/2018.

Renda per capita familiar igual ou inferior ao 150%IPREM (9.681,12 € anuais .)

No suposto de que una vez efectuada a avaliación das solicitudes se supere a límite máximo da subvención (12.000,00 € , 60 beneficiarios) , procederase a retirar aquelas solicitudes cuxas rendas sexan mais elevadas, ata o límite do crédito máximo establecido.

4.- CREDITO ORZAMENTARIO E CUANTÍA DAS AXUDAS

O Concello de Chantada dispón das seguintes contías orzamentarias para destinar a esta convocatoria :

Partida 323-489.06 : 12.000,00 €

O importe das achegas a conceder , ascenderán a un importe único de 200,00 € por beneficiario e curso escolar.

5.- SOLICITUDES E DOCUMENTACION NECESARIA

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola persoa interesada segundo o modelo oficial.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación :

- 1) Fotocopia DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
- 2) Fotocopia do Libro de Familia
- 3) Certificado da Axencia Tributaria das rendas de todos os membros computables da unidade familiar do exercicio 2018.
- 4) Copia cotexada do boletín de cualificacións ou certificación expedida polo centro educativo de ter aprobado alomenos ó 30% das materias correspondentes á matrícula no curso 2017-2018 , e xustificante da matrícula 2018-2019.
- 5) Nos casos de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros da unidade familiar computables, certificado emitido polo organismo oficial correspondente.
- 6) Certificación bancaria da conta corrente do interesado.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES

As solicitudes e a documentación requerida presentarase no rexistro Xeral do Concello de Chantada , praza de Galicia s/n ou por calquera das formas previstas no artigo 16 da lei 39/2015 ,do 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia.

7.- PUBLICIDADE

A convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo , no taboleiro de anuncios do Concello , na páxina web do Concello de Chantada e na Base Nacional de Subvencións.

8.- PROCEDEMENTO

O órgano competente para a instrución de procedemento , así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá pronunciarse a proposta de resolución, será o Alcalde . O órgano instructor , á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal dos/as solicitantes para concesión das axudas.

Se na instrución fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polos/as interesados/as notificaráselle a estes a proposta de resolución , concedendolles un prazo de 10 días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes. A vista das alegacións presentadas, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións , ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo o parágrafo anterior , a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

9.- COMISIÓN AVALIADORA

A Comisión Avaliadora estará composta pola Concelleira Delegada de Educación como Presidente , como vogais o Traballador Social do Concello , a Educadora Familiar do Concello e a Interventora municipal actuando como secretario o Secretario da Corporación.

10.- RESOLUCION DA CONVOCATORIA

O Órgano competente para a concesión das axudas será a Xunta de Goberno Local , previo informe da intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado , quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.

As axudas concedidas notificaranse individualmente e publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas , que deberá ser posta en coñecemento do Concello, poderá dar lugar a modificación da resolución.

11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación destas axudas entenderase realizada coa presentación do boletín de notas ou do certificado do centro educativo de ter aprobado alomenos ó 30% das materias correspondentes á matrícula no curso 2017-2018, esixido coa documentación da que debe ir acompañada cada solicitude e a matrícula do curso 2018-2019.

O aboamento da subvención realizarase por transferencia bancaria.

Chantada, 14 de agosto do 2019.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2515

O CORGO

Anuncio

MARCO ANTONIO GARCÍA-GABILÁN SANGIL, LICENCIADO EN DEREITO E SECRETARIO DO CONCELLO DO CORGO (LUGO)

CERTIFICO:

Que por acordo do Pleno deste concello do 2 de agosto de 2019, acordouse a aprobación definitiva do Regulamento de Réxime Interno do Punto de Atención á Infancia (PAI) e a imposición do prezo público do servizo do Punto de Atención á Infancia do Corgo.

O regulamento do servizo entrará en vigor unha vez transcorridos 15 días hábiles a partir da publicación no BOP de Lugo, de conformidade co establecido no 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. O prezo público entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Fanse públicos os seus textos íntegros:

"REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE O CORGO"

INTRODUCCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na exposición de motivos do Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, xustifícase a existencia destes centros de menores na circunstancia de que cada vez son máis os núcleos familiares nos que os dous proxenitores traballan fóra do fogar facendo máis difícil a conciliación da vida laboral coa familiar.

O concello do Corgo consciente desta problemática fixo un esforzo para a construción dun PAI para poder dar solución a esa conciliación.

O art. 20.4, letra c) do citado Decreto 329/2005, establece, como un requisito funcional, que estes centros deberán ter un regulamento de organización e funcionamento a disposición dos usuarios. No mesmo sentido régulase no Art 7 b) do Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais.

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello do Corgo, como centro asistencial, que ten por finalidade prestar apoio a pais, titores ou gardadores de nenos/as de idades comprendidas entre os cero meses e os tres anos cando concorran situacións ou circunstancias que lles impida o seu coidado. Ademais, poderá atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

A norma contén os diferentes aspectos imprescindibles para o correcto servizo aos cidadáns, sen que se poida contemplar a súa non regulación.

CAPITULO I.- DATOS DO CENTRO

Art. 1.- Definición do centro

Os puntos de atención á infancia son aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen como finalidade prestar unha atención de apoio aos pais, titores ou gardadores dos/as nenos/as de entre 3 meses e 3 anos cando concorran situacións ou circunstancias que lles impidan o coidado. Ademais poderán atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

Art. 2.- Datos do Punto de Atención á Infancia

a) Denominación: Punto de Atención á Infancia do Concello de O Corgo

- b) Enderezo: A Portela, San Xoán do Corgo (próximo á oficina de correos)
c) Teléfono: Fax.....
d) correo electrónico:.....
e) Responsable:.....

Titularidade

Entidade titular: Concello de O Corgo

NIF: P2701400J

Representante legal: Alcalde/Alcaldesa do Concello de O Corgo

Tlf.:982 302 100

correo electrónico: concello.ocorgo@eidolocal.es

AUTORIZACIÓNS

Data de Permiso de Inicio de Actividade.- PIA:

TIPO DE XESTIÓN: Directa

CAPÍTULO II .- FUNCIONAMENTO

Art. 3.- Obxectivos.

O Punto de Atención á Infancia ten como obxectivo ofrecerlles aos nenos e nenas afecto, estima, confianza, apoio e un ámbito adecuado para que desenvolvan os diferentes aspectos da súa personalidade, para que experimenten e busquen respostas á súa curiosidade e para que descubran, exploren e observen, potenciando o interese.

Serán obxectivos específicos do PAI:

- Garantir a seguridade dos nenos e cubrir as súas necesidades fisiolóxicas.
- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos/as nenos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do/a neno/a.
- Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.
- Estimular o desenvolvemento das capacidades intelectuais, motrices, sociais e emocionais dos/as nenos/as.
- Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto.
- Potenciar a creatividade, interese e curiosidade polo descubrimento.
- Facilitar a integración progresiva dos/as nenos/as na cultura do seu medio.
- Respetar a singularidade e diversidade de cada neno/a.
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e de grupo nas actitudes e actividades diarias.
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais.
- Facilitar a integración dos nenos con necesidades educativas especiais, atendendo ás súas necesidades e características especiais.
- Acentuar os aspectos da colaboración en lugar de competencia para inculcar aos/ás nenos/as un sentido de grupo.
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e de grupo nas actitudes e nas actividades diarias.

Art. 4.- Servizos básicos.

1. Atención asistencial e educativa.

O PAI cumprirá unha dobre función asistencial e educativa: ofrécelles aos seus usuarios unha atención integral sen distinción de raza, sexo ou condición social dirixida ao desenvolvemento harmónico e integral dos/as nenos/as e a compensación de desigualdades sociais, económicas e culturais, realizando ademais un importante labor de apoio á función educativa da propia familia.

A función educativa desenvolverase a través dun proxecto educativo propio que se axusta na súa estrutura ao *Decreto 330/ 2009 polo que se establece o currículo de educación infantil en la Comunidade Autónoma de Galicia*.

Dito proxecto educativo recolle, de xeito explícito, o tratamento lingüístico do centro, a coeducación e a atención á diversidade mediante a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado en toda a etapa educativa. Ademais ten en conta o carácter globalizado da intervención educativa tanto en canto que un mesmo contido desenvolve obxectivos das distintas áreas da aprendizaxe e as necesidades educativas especiais dos nenos/as.

Concíbese ademais, como un recurso de atención aos/ás nenos/as, que necesitan atención e coidado durante un tempo diario e que non poden incorporarse a outro tipo de centros de atención á infancia, ben por non existir ningún outro no termo municipal, ou ben por non ser axeitado á necesidade familiar por diversas razóns, como poden ser entre outras:

- Situacións puntuais de necesidade (enfermidade da persoa que coida ao/á neno/a, realizar xestións burocráticas...).
- Horarios flexibles que cubran a necesidade familiar de atender ao/á neno/a.
- Acceder á formación (asistir a cursos, rematar estudos...).
- Acceder ao mercado laboral.

2. Servizo de cociña, entendendo por tal a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais necesarios para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen os propios usuarios. As familias asinarán autorización para proporcionar os alimentos que se achegan cada día á escola para alimentar aos/ás seus/súas fillos/as co compromiso de levar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas, isto é: envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de consumo, nome e apelidos do neno e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e con indicación de se precisan ou non refrixeración.

3.- O PAI non presta os servizos de comedor nin de transporte.

Trátase polo tanto dun servizo complementario á rede de centros de atención á primeira infancia existente na nosa Comunidade Autónoma, caracterizado pola súa flexibilidade horaria e a dispoñibilidade e atención rápida da demanda, o que permite facilitar a conciliación entre a vida laboral e a vida familiar.

Art. 5.- Capacidade total do centro.- O PAI ten autorizadas 20 prazas, reservándose en todo caso un mínimo de 1 praza para os casos considerados de carácter urxente polos servizos sociais municipais.

Art. 6.- Idades de admisión e permanencia.- Poderán facer uso dos servizos do PAI os pais/nais, titores/as ou representantes legais dos nenos e nenas que cumpran os seguintes requisitos de idade:

- idade mínima: desde 3 meses;
- idade máxima: non ter cumpridos os tres anos de idade o 31 de decembro do ano no que se solicita a praza.

Con carácter excepcional, sempre que existan prazas dispoñibles, os/as menores poderán ser persoas usuarias do servizo ata o momento da incorporación á educación infantil de segundo ciclo. En casos de urxencia, poderanse acoller nenos de máis idade, gardando, en todo caso, as prioridades establecidas.

Art. 7.- Procedemento de ingreso ou admisión.

Cada curso abrírase un novo prazo de matrícula, previa convocatoria pública, con anterioridade á data prevista para o comezo do curso, é dicir, antes de 1 de setembro. Unha vez vistas as solicitudes, senón reunisen os requisitos establecidos, requirirase ao interesado para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo no prazo establecido, terase por desistido da súa petición. Resoltas as solicitudes, previo informe do encargado da aula e do traballador social do concello, farase pública a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, concedendo un prazo de 10 días hábiles para alegacións. Informadas estas polo referido persoal, o Alcalde/Alcaldesa ou por delegación expresa, a concellería con competencias na materia de servizos sociais, ditará resolución aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Contra a lista definitiva poderán interpoñerse os recursos en vía administrativa e xudicial, de conformidade co disposto na vixente lexislación.

En todo caso, os nenos e nenas que fosen admitidas, terán garantido o acceso aos novos cursos do mesmo ciclo, sen necesidade dun novo proceso de admisión. Aqueles menores que non foran admitidos, ou para os que se presentaran solicitudes fóra de prazo, pasarán a formar parte dunha lista de espera.

No caso de que a existencia de prazas vacantes o permita, poderán acceder aos/ás nenos/as ao PAI, por motivos puntuais dos pais/nais, titores/as ou representantes legais.

Art. 8.- Sistema de admisión.

No momento do ingreso, o/a encargado/a do centro abrirá un expediente persoal no que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfonos de avisos en caso de urxencias, así como outras circunstancias que aconsellen unha atención diferenciada.

Estes datos terán un nivel alto de protección.

Art. 9.- Baremo para o ingreso.

Dado que o PAI é un servizo municipal terán preferencia ao seu acceso os/as veciños/as do concello do Corgo. No suposto de que queden prazas libres abrírase o servizo aos veciños e veciñas doutros concellos.

O baremo a aplicar para resolver as solicitudes de admisión, será o que se expresa a continuación:

- Ocupación acreditada dos dous proxenitores: 5 puntos.
- Por ter irmáns con praza no PAI.: 5 puntos.
- Pola condición de familia numerosa: 5 puntos.
- Pola condición de familia monoparental: 5 puntos.
- Por calquera circunstancia de exclusión social, debidamente acreditada por informe servizos sociais: 5 puntos.
- Situación económica da unidade familiar: inferior ao 50% do IPREM 4 puntos, igual ao 50% ata o 75% do IPREM, 3 puntos; superior ao 75% e inferior ao 100% do IPREM, 2 puntos.

No caso de que unha vez aplicado o baremo, haxa empate na puntuación obtida entre as solicitudes, terán preferencia entre os que estiveran matriculados no curso anterior, tiveran irmáns con praza ou aqueles que os Servizos Sociais informen como preferentes pola súa situación familiar, económica ou social.

Os/as nenos/as que ingresen no PAI terán preferencia para continuar no servizo no curso seguinte previa reserva dos pais/nais, titores/as ou representantes legais.

Art. 10.- Determinación dos ingresos aos efectos de puntuación.

Os ingresos dos membros da unidade familiar determinarase de conformidade coa normativa reguladora do IRPF. Para estes efectos, procederase como se indica no apartado seguinte.

Partirase da contía da **base imponible xeral e de aforro**, reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do IRPF.

A composición da unidade familiar será a que se estableza na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Partirase da contía da **base imponible xeral e de aforro**, reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do IRPF, correspondente á declaración ou declaracións presentadas por cada persoa da unidade familiar, relativas ao **último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da apertura de prazo para solicitar praza**. De non dispor da correspondente declaración por non estar obrigado a tributar por este concepto, deberanse acreditar os ingresos mediante certificacións de imputación de ingresos do referido exercicio, emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (en adiante, AEAT) xunto cunha declaración responsable de ingresos do referido exercicio.

A contía resultante converterase en número de veces o IPREM en vigor no período a que se refiran os ingresos acreditados.

Art. 11.- Requisitos xerais.

As solicitudes de novo ingreso (Anexo I) facilitaranse no Concello de O Corgo e presentaranse no Rexistro de Entrada, debendo achegar á solicitude a seguinte documentación orixinal ou debidamente autenticada:

- Copia do Libro de Familia onde apareza o neno ou nena a ingresar no PAI, así como o DNI ou pasaporte ou tarxeta de residencia dos pais e nais ou titores/as e representantes legais do/a neno/a.
- Certificado de empadramento e convivencia do/a neno/a, expedido polo Concello.
- No caso de que o/a neno/a sexa acollido/a, fotocopia da resolución do órgano competente en materia de acollemento.
- No caso de separación ou divorcio dos pais, achegarase fotocopia da sentenza xudicial acompañada do correspondente convenio regulador. De non tiver sentenza, por estar en trámite o procedemento, achegarase certificado acreditativo da demanda de separación ou divorcio, co selo do Xulgado.

- Declaración do Imposto da renda das persoas físicas do último exercicio, de cada membro da unidade familiar maior de 16 anos. No caso de non presentar declaración por non estar obrigado, certificado acreditativo da Axencia Tributaria.
- No caso de desemprego, certificación do INEM que acredite a situación de desemprego e a percepción ou non de prestacións.
- Calquera outra documentación que sexa necesaria para acreditar a situación económica da unidade familiar.
- Copia da cartilla da Seguridade Social ou documento equivalente.
- 2 fotografías tamaño carné.
- Autorización fehaciente e por escrito das persoas que poden recoller o neno ou nena, na que conste o DNI das mesmas.
- Informe médico pediátrico no que conste que o neno ou nena non padece enfermidade infecto-contaxiosa e está debidamente vacinado.
- No caso de que o/a menor estea suxeito a algún tipo de tratamento médico, será necesaria a autorización por escrito do pai/nai, titores/as ou representantes legais, indicando as características do tratamento e as horas de administración da dose correspondente. Tamén será preciso un informe no caso de que o/a menor manifeste algún tipo de alerxia alimenticia (lactosa, glute ...) e física a algún tipo de material (pinturas, texidos...).

Aportarase ademais, no seu caso, como calquera outro documento que deixe constancia da especial situación familiar ou económica da unidade familiar, que deban terse en consideración en relación cos/as nenos/as:

- Informe dos equipos de valoración e orientación dependentes do órgano competente na materia da Xunta de Galicia, administración do Estado ou das correspondentes comunidades autónomas sobre o grado de discapacidade e a súa necesidade de integración no caso de nenos/as con discapacidade.
- Informe dos Servizos Sociais do concello ou doutras administracións.
- Título de familia numerosa.
- Calquera outro de constancia da especial situación familiar ou económica da unidade familiar que inflúa na admisión dos/as nenos/as segundo o baremo.

De carecer de acreditación documental das incidencias alegadas, poderase presentar informe dos servizos sociais do concello de residencia do neno ou nena.

Calquera indicio de cambio non declarado, distorsión ou falseamento dos datos reflectidos na ficha de admisión poderá dar lugar a que se inicie de oficio un expediente de comprobación dos devanditos datos.

Deberán aboar ao Concello os importes establecidos ao respecto, de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora.

Art.12.- Causas de Baixa.

Causarase baixa no PAI por algunha das seguintes circunstancias:

- 1) Incumprimento da idade regulamentaria de permanencia no centro.
- 2) A solicitude dos pais, titores/as ou representantes legais.
- 3) Por negativa a aboar a tarifa aplicada. No caso de non pagar a cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos durante o período dun ano.
- 4) Por comprobación da falsidade nos documentos ou datos aportados na solicitude.
- 5) Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro, previo informe do/a encargado/a da aula ou do/da traballador/a social.
- 6) Por incumprimento reiterado das normas do PAI.

A baixa será resolta previo informe do/a encargado/a da aula e do/a traballador/a social do Concello de O Corgo, pola Alcaldía ou por delegación no/a concelleiro/a delegado/a en materia de servizos sociais.

As vacantes cubriranse coas solicitudes que quedasen na lista de espera por rigoroso orde de chegada.

Art. 13.- Calendario e horario de funcionamento.-

O servizo do PAI desenvolverase por cursos, que abranguerá desde o 1 de setembro ata o 31 de xullo do ano seguinte, permanecendo pechada o mes de agosto para vacacións do persoal e limpeza xeral.

O servizo prestarase de luns a venres, desde as _____ h agás os días festivos, durante 8 horas, xa sexa en xornada partida ou continuada, segundo a demanda, e de acordo coas dispoñibilidades de recursos humanos e orzamentarios do concello, podendo modificarse cando polas necesidades de servizo se precise.

Antes do inicio de curso, O Alcalde do Concello, a petición razoada do/a encargado/a de Centro, e á vista das solicitudes das familias, establecerá o horario de apertura e peche, dentro do máximo de horas citado anteriormente.

Ao longo do curso e só en casos excepcionais, o citado órgano municipal poderá modificar as horas de apertura e peche, a proposta razoada do/a encargado/a do PAI.

Tanto o calendario anual como o horario de apertura e peche figurarán no taboleiro de anuncios do PAI, e na páxina web do Concello do Corgo.

CAPÍTULO III.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

Artigo 14.- Organización interna

Artigo 15.- Procedemento para substitucións e imprevistos do persoal

No referente ás substitucións dos mesmos, nos casos de baixa por ausencia ou enfermidade, ou nos supostos establecidos no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, contratarase persoal para cubrir as baixas. Este persoal formará parte da bolsa de emprego que se constitúa tralos correspondentes procesos selectivos.

Os chamamentos realizaranse segundo a puntuación obtida no proceso selectivo.

CAPÍTULO IV.- NORMATIVA REFERENTE A TODO O PERSOAL

Artigo 16.- Dereitos do persoal

Os dereitos, ademais dos outorgados pola lexislación, son:

1. Presentar propostas que contribúan a melloralo funcionamento do centro e a atención prestada ós menores.
2. Desenvolvelas súas funcións educativas segundo o seu criterio persoal, sempre que se axuste ós obxectivos da programación xeral e as liñas de traballo marcadas polos/as responsables do centro.
3. A que se lle proporcionen, dentro das posibilidades do Concello, os instrumentos necesarios para o desenvolvemento das funcións de forma axeitada.
4. A ser tratados con educación e respecto e dun xeito igualitario.

Artigo 17.- Obrigas do persoal

As obrigas son as seguintes:

1. Cumprir e facer cumprir acordo coas funcións do Regulamento de Réxime Interno.
2. Velar polo respecto dos dereitos dos/as menores recollidos neste Regulamento de Réxime Interno; así coma os da lexislación vixente.
3. Gardar estrita confidencialidade sobre os datos persoais dos/as menores.
4. Cumprimentar das tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto.
5. Emitir de informes sobre o posible incumprimento das normas do centro polas persoas usuarias cando sexan requiridos ou supoñan a comisión dunha infracción das establecidas neste regulamento así como informes de necesidades educativas especiais para outras Administracións.

Art. 18.- O Persoal e as súas funcións

De conformidade co establecido na normativa autonómica reguladora, o PAI contará co persoal especializado para a atención directa dos/as nenos/as, que disporá do asesoramento e apoio dos Servizos Sociais do Concello. Contará co seguinte persoal:

- Un encargado (Persoal de Atención á Infancia)

Terá que ter as seguintes titulacións: licenciado en pedagogía ou psicopedagogía, mestre en educación infantil ou equivalente, ou técnico superior en educación infantil ou equivalente.

Desenvolverá, entre outras, as seguintes funcións:

- Coidar da orde, formación, seguridade, entretemento, alimentación e aseo persoal dos/as nenos/as, ademais de levar o diario e rexistro das entradas e saídas no PAI.
- Elaborar un proxecto educativo e organizativo do PAI, que defina obxectivos pedagóxicos, horario, calendario, usuarios, estrutura organizativa, persoal e as súas funcións (coa colaboración da traballadora social dos servizos sociais) e unha memoria anual de actividades realizadas.

- Elaborar e documentar as actividades de xestión.
- Encargarse da execución dos acordos e demais directrices emanados dos responsables políticos do Concello, así como de informalos das incidencias que se poidan introducir neste servizo.
- Servir de enlace e coordinarse cos responsables técnicos dos Servizos Sociais do concello.
- Relación e coordinación cos pais, nais, titores ou representantes legais dos/as nenos/as, dun xeito individual.
- Calquera outra xestión que se lle encomende para o bo funcionamento do PAI..
- **Unha persoa de apoio** á atención e coidado dos nenos e nenas, a cal, poderá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: técnico en atención socio-sanitaria, técnico superior en animación sociocultural, técnico en coidados auxiliares de enfermería, diplomado en puericultura recoñecido pola Consellería de Sanidade ou aquelas outras recoñecidas como apropiadas polo órgano competente na autorización do centro.

Todo o persoal que realice funcións de atención e coidado de nenos/as deberá acreditar o seu correcto estado de saúde e con periodicidade anual, someterase a un recoñecemento médico anual que acredite que non padece enfermidade infecto contaxiosa nin defecto físico ou psíquico que impida ou dificulte as súas funcións. Será preceptiva a vacinación contra a rubéola, co especial compromiso das mulleres en idade fértil de adoptar as medidas sanitarias preventivas que correspondan durante os tres meses seguintes á vacinación.

Será requisito necesario para formar parte do persoal deste centro ter coñecementos básicos en primeiros auxilios, e o persoal que manipule alimentos deberá estar en posesión do carné de manipulador segundo a normativa vixente.

- **Traballador/a social do Concello**

O Traballador/a social do Concello prestará asesoramento e apoio ao persoal adscrito ao PAI.

CAPITULO V.- NORMATIVA REFERENTE AOS NENOS E NENAS

Art. 19.- Dereitos dos nenos e nenas.

- a) Acceder ao PAI e recibir asistencia sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social
- b) A consideración no trato debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do PAI como dos demais usuarios.
- c) O sixilo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e socio familiar.
- d) A intimidade persoal en función das condicións estruturais do PAI.
- e) A que se lles facilite o acceso á atención social, sanitaria, educación cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.
- f) A recibir un tratamento individualizado do contido educativo cara á súa integración socio familiar, que terá como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.
- g) A participación dos pais, nais, titores/as ou representantes legais nas actividades educativas como: festas escolares, conta contos, axudas na preparación de materiais para os traballo dos nenos.
- h) Ter a súa disposición o proxecto educativo, así como a posibilidade de presentar reclamacións no Libro de reclamacións. nas que figurarán os puntos necesarios para identificación da persoa que realiza a reclamación, a súa data e o obxecto da mesma.
- i) Os pais, nais, titores/as ou representantes legais, salvo manifestación en contra ao respecto, prestan o seu consentimento para que os datos facilitados sexan incorporados aos ficheiros titularidade do Concello de O Corgo (co nivel de protección correspondente). O uso dos datos limitarase á xestión municipal, así como a súa cesión a outras administracións públicas, coas limitacións establecidas no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento europeo y do Consello e da Lei 3/2018, 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. E garantía dos Dereitos Dixitais. Os interesados poderán exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición, coas limitacións establecidas legalmente ante o alcalde do Concello do Corgo, ou o concelleiro delegado

Para a protección destes datos os responsables do tratamento aplicarán medidas técnicas e organizativas apropiadas a fin de garantir que o tratamento é conforme á lexislación vixente.

Art. 20.- Normas de saúde, hixiene e nutrición.

- ✓ Os/as nenos/as deberán acudir ao PAI nas condicións correctas de saúde e hixiene.
- ✓ Non serán admitidos/as no PAI os/as nenos/as que padezan enfermidades infecto-contaxiosas. A aparición destas enfermidades deberá ser comunicada polas familias aos responsables do PAI.

- ✓ No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos/as nenos/as no propio PAI avisaranse aos seus pais, representantes legais ou titores, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os/as demais nenos/as. O reingreso no centro soamente será posible logo de transcorrido o período de contaxio e tras informe médico que acredite tal circunstancia.
- ✓ No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no PAI, despois das primeiras atencións "in situ" e, á maior brevidade posible, poñerase a dita circunstancia en coñecemento dos pais, titores/as ou representantes legais do/a neno/a e, se é o caso, garantirase que o/a neno/a reciba a atención médica axeitada, estando facultada a dirección do centro para autorizar nestes casos os desprazamentos necesarios para tal fin.
- ✓ Nos casos excepcionais nos que se lles deban administrar menciñas aos/ás nenos/as, deberán ir acompañadas das receitas médicas actualizadas, nas que constará o nome do neno, o nome do medicamento e como debe administrarse así como a periodicidade. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da devandita receita e a correspondente autorización por escrito dos pais, titores ou representantes legais.
- ✓ En caso de enfermidade, deberá deixar ao menor na casa, cando teña febre, diarrea, vómitos, ou enfermidade contaxiosa (rubéola, orellóns, xarampón,...). De aparecerlle calquera destes síntomas no propio centro, será posto en coñecemento dos pais, titores ou representantes legais.

O PAI prestará un especial coidado en atender os casos nos que o/a neno/a, en razón das súas circunstancias persoais, deba recibir alimentos de xeito ou en horarios específicos, sen prexuízo de que estes deban ser facilitados pola familia. Deberá ser presentado o correspondente informe pediátrico. No caso de período de lactancia, os pais, titores/as ou representantes legais deberán proporcionar á responsable do PAI a alimentación que veñan recibindo os/as menores, así como os elementos para a súa subministración. Deberán poñer en coñecemento da persoa responsable, calquera circunstancia do/a neno/a que esixa unha especial atención.

Todos/as nenos/as que usen cueiros deberán traer un paquete e un bote de toallíñas, que deberá repoñerse cando sexa preciso. Serán cambiados na medida que o precisen. Os/As nenos/as terán sempre unha muda completa de reposto e deberán asistir ao PAI con roupa que lles permita moverse con comodidade.

Art. 21.- Promoción da integración.

O PAI municipal promoverá, dentro das súas posibilidades, a integración dos nenos con necesidades educativas especiais. O ingreso destes estará supeditado á existencia de condicións infraestruturais idóneas e de persoal axeitado e suficiente no cadro de persoal do centro. Nestes casos requirirase o informe previo do equipo de avaliación e orientación correspondentes ao grao de discapacidade e a súa necesidade de integración. En ningún caso poderá haber máis dun neno ou nena con necesidade de integración por aula. Para efectos de ratio estas prazas contabilízan como dúas.

Art. 22.- Fomento da igualdade

O PAI programará actividades para promover a igualdade entre os nenos e nenas e evitar os comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo.

Art. 23.- A Lingua

A lingua utilizada en cada grupo será a lingua materna predominante entre nenos e nenas que formen parte do mesmo (a lingua predominante no Concello do Corgo é o galego).

Atenderase de maneira individualizada a aqueles nenos e nenas do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante.

Artigo 24.- Actividades extraescolares

Todas aquelas actividades que ao longo do curso sexan organizadas polo centro en colaboración con outras entidades (Antroido, festa fin de curso,...).

CAPÍTULO VI.- NORMATIVA REFERENTE Á FAMILIA

RELACIÓNS COS PAIS/NAIS E TITORES/AS OU REPRESENTANTES LEGAIS

Artigo 25.- Obxectivos.

A relación cos pais/nais, titores/as e representantes legais, que deberá ser en todo caso fomentada polo PAI, ten como principais obxectivos:

- Transmisión mutua de información sobre actitudes e o comportamento dos nenos e nenas.
- Compartir pareceres sobre incidentes, preocupacións, actividades, etc., apoiándonos na axenda diaria que os nenos e nenas levan tódolos días ó centro.

Artigo 26.- Reunións.

Os pais, nais ou titores/as e representantes legais dos nenos e nenas poderán solicitar reunión co persoal responsable do PAI sempre e cando non dificulte a boa marcha do mesmo.

Co fin de garantir a necesaria cooperación cos pais, nais ou titores/as e representantes legais dos nenos e nenas, realizaranse reunións, que terán lugar nas dependencias do centro, despois da convocatoria por escrito.

Artigo 27.- Información e atención aos pais/nais, titores/as e representantes legais.

Os pais, nais ou titores/as e representantes legais dos nenos e nenas terán dereito a solicitar tanta información precisen sobre a atención recibida polos nenos e nenas.

En todo caso, o centro informará ó principio do curso dos horarios de atención e información ós pais, nais ou titores/as e representantes legais dos nenos e nenas.

Co fin de garantir a necesaria cooperación cos pais, nais, titores ou representantes legais dos/as nenos/as, realizaranse reunións que terán lugar nas dependencias do PAI. Unha reunión celebrarase ao comezo do curso, na que a persoa responsable do PAI informará aos pais, nais ou titores das actividades que se desenvolverán, da normativa establecida e dos aspectos que poidan resultar do seu interese.

CAPÍTULO VII.- RÉXIME DE COBRAMENTO

Art. 28.- Prezos públicos pola prestación do servizo.

O órgano competente do concello establecerá un prezo público pola prestación do servizo asistencial do PAI, no que se regularán os prezos de xornada completa, media xornada, horas soltas, etc, que se achegará xunto a este regulamento.

O Concello actualizará ao IPC anual os prezos públicos referidos a este servizo.

A matrícula, a forma de pago, período de pago e factura dos servizos prestados regularanse a través do acordo polo que se aprobe o prezo público. Este acordo está anexado ao presente regulamento.

CAPÍTULO VIII.- NORMATIVA REFERENTE Á INFRAESTRUTURA DO CENTRO

Art. 29.- Medidas de seguridade

- ✓ centro réxese segundo o disposto na Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais e no Real Decreto 39/1997.
- ✓ centro conta con antipilladedos en todas as dependencias
- ✓ Medidas anti-incendios: extintores, alarma, planos de evacuación, plan de actuación para casos de emerxencia, pulsadores de alarma anti-incendios distribuídas polo edificio, detectores de fume en todas as estancias e portas de saída con apertura antipánico.
- ✓ Medidas de protección para evitar golpes e outras lesións nos nenos e nenas, tales como as cantoneiras e os antipilladedos e caixa de primeiros auxilios
- ✓ Realizan periodicamente Desinfección desinsectación, desratización, (DDD)

O centro conta con:

- ✓ Plan de Autoprotección implantado (formación para a actuación nos casos de emerxencia e evacuación) e inscrito no REGAPE.
- ✓ Póliza de responsabilidade Civil e de accidentes
- ✓ Póliza de sinistros/danos
- ✓ Libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias.
- ✓ Proxecto educativo a disposición dos pais/nais, titores/as e representantes legais
- ✓ Libro de rexistro de persoas usuarias
- ✓ Expediente individual.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, o presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia, e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local.

Para o que non estea previsto no presente Regulamento estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e normativa de desenvolvemento; Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, Lei do Parlamento galego 3/1997, de 9 de xuño, lei galega da familia, a infancia e adolescencia, Decreto 329/2005 de 28 de xullo, que regula os Centros de Menores e Centros de Atención á Infancia, e demais normativa autonómica de protección da familia, infancia e menores e que lle sexa de aplicación por razón da materia."

" PREZO PÚBLICO DO SERVICIO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

O secretario Xeral Técnico da Consellería de política social autorizou a creación/construción do Punto de Atención á Infancia do Corgo –en adiante PAI-, sito en San Xoán do Corgo, núcleo de A Portela, por resolución de 10 de agosto de 2018.

O PAI é un centro de menores de carácter asistencial e dirixido prioritariamente a aqueles concellos que pola súa baixa poboación infantil ou outras circunstancias socio-económicas non precisen dunha escola infantil 0-3, o mesmo tempo concíbense tamén como un instrumento de desenvolvemento rural polo que se priorizará a súa instalación nos concellos con este carácter.

Na exposición de motivos do Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, xustifica a existencia destes centros de menores na circunstancia de que cada vez son máis os núcleos familiares os dous proxenitores traballan fóra do fogar facendo máis difícil a conciliación da vida laboral coa familiar.

O concello do Corgo consciente desta problemática fixo un esforzo para a construción dun PAI para poder dar solución a esa conciliación.

O art. 20.4, letra c) do citado Decreto 329/2005, establece, como un requisito funcional, que estes centros deberán ter un regulamento de organización e funcionamento a disposición dos usuarios. **No mesmo sentido regúlase no Art 7 b) do Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais.**

O artigo 25 do Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia establece como documentación necesaria para a obtención da autorización de inicio de actividade o réxime de prezos e tarifas.

O Art. 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais establece que as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia da entidade local, sempre que non concorran ningunha das circunstancias especificadas no artigo 20.1.b) desta lei, é dicir, a prestación dun servizo público ou a realización dunha actividade administrativa en réxime de dereito público de competencia local que se refira, afecte ou beneficie de modo particular ao suxeito pasivo, cando se produza calquera das circunstancias seguintes:

a) Que non sexan de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados. A estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude ou a recepción por parte dos administrados:

- Cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias.
- Cando os bens, servizos ou actividades requeridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.

b) Que non se presten ou realicen polo sector privado, esté ou non establecida a súa reserva a favor do sector público conforme á normativa vixente.

Artigo 1. Obxecto.

Establécense as contías dos prezos públicos correspondentes aos servizos prestados nas punto de atención á infancia do Corgo 3 meses-3 anos dependentes da Consellería de Traballo e Benestar que figuran no anexo do presente decreto.

Os prezos públicos establecidos no anexo actualizaranse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xuño anterior, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, da Secretaría Xeral de Política Social.

Artigo 2. Suxeitos obrigados.

Están obrigados ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta nos centros sinalados no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 3. Pagamento.

1. O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 5 deste decreto, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, a cota correspondente ao dito mes ingresarase nos dez días naturais seguintes á data de ingreso.

2. Salvo o disposto no artigo 5 deste decreto, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

3. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa exixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

4. O pago realizarase mediante domiciliación bancaria, emitíndose o correspondente recibo do período e servizo ao que se refire.

Artigo 4. Regras e definicións para a determinación do importe que se vai pagar.

Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento dos prezos públicos determinados no anexo deste decreto, teranse en conta as especificacións recollidas no dito anexo. Para os efectos da aplicación do anexo, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

i. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

ii. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

iii. Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración con competencia en materia de punto de atención á infancia do Corgo 0-3 para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Artigo 5. Suspensión temporal da cota.

1. Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 2 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anual dos nenos.

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.

Disposición derradeira.

Os prezos públicos establecidos neste decreto serán de aplicación nas punto de atención á infancia do Corgo a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O Corgo, de..... de 2019

ANEXO

1. Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa no punto de atención á infancia do Corgo 0-3 fíxase en 160 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en régime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

2. Horario ampliado.

Con carácter excepcional os usuarios poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20 €.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

3. Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 33 €/mes

c) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 66 €/mes

d) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 106 €/mes

e) Rendas comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 126 €/mes

f) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 139 €/mes

g) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: 160 €/mes

4. Descostos.

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) Nenos pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

b) Nenos pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.

c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmentemente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o neno ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento."

Recursos: Contra o acordo de imposición do prezo público do servizo do Punto de Atención á Infancia do Corgo, poderá interperse recurso de reposición, previo ao recurso contenciosos-administrativo, ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da referida notificación, segundo o establecido polo artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 108 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sito en C/ Armando Durán, 27002- Lugo, durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da citada resolución. Se non houberse resolución expresa, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto, segundo o establecido polo art. 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente e/ou exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Contra o Regulamento de Réxime Interno do Punto de Atención á Infancia poderá interpor directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da referida notificación.

Para que conste, para xeral coñecemento, expídese o presente certificado, co visto e praxe do Sr. Alcalde, no Corgo, a nove de agosto de dous mil dezanove.

O Corgo, 9 de agosto de 2019.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2485

MEIRA

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 8 de agosto de 2019, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o **3º bimestre do exercicio 2019**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 9 de agosto ao 9 de outubro de 2019.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interponerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 8 de agosto de 2019.- O alcalde accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 2475

MONDOÑEDO

Anuncio

APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO 2018-2020

O Pleno do Concello en sesión celebrada en data 14 de agosto de 2018 acordou:

PRIMEIRO.- Proceder á modificación do Plan Estratéxico de Subvencións na súa redacción actual segundo acordos aprobados polo Concello Pleno nas súas sesións de datas 29 de decembro de 2017 e 13 de abril de 2018, nos seguintes termos:

a) Modificar o artigo 6 engandindo unha nova liña de subvencións:

— Liña 3: Fomento do pintado de fachadas con materiais tradicionais de edificacións situadas simultaneamente no territorio histórico do Camiño de Santiago ao seu paso por Mondoñedo e na Área de rehabilitación do Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños.

b) Modificar o capítulo V do actual Plan, que pasará a denominarse:

CAPÍTULO V. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE PINTADO DE FACHADAS CON MATERIAIS TRADICIONAIS DE EDIFICACIÓNS SITUADAS SIMULTANEAMENTE NO TERRITORIO HISTÓRICO DO CAMIÑO DE SANTIAGO AO SEU PASO POR MONDOÑEDO E NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO E BARRIOS HISTÓRICOS DE SAN LÁZARO E OS MUÍÑOS.

Artigo 9.

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a conservación e rehabilitación de edificacións mediante o pintado de fachadas con materiais tradicionais, ubicadas simultaneamente no territorio histórico do Camiño de Santiago ao seu paso por Mondoñedo e na Área de rehabilitación do Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños.

b) Prazo: Convocatoria anual exercicio 2019.

c) Costes previsibles: Os costes previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

d) Fontes de financiación: Financiado íntegramente pola Axencia de Turismo de Galicia ao abeiro dos “Premios Parabéns 2018-2019”

e) Procedemento de concesión: O procedemento de concesión se realizará en concorrencia non competitiva, de conformidade coas bases que regulen a súa concesión.

f) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, se realizará mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

c) O Capítulo V do actual Plan “CONTROL E AVALIACIÓN DO PLAN” pasará a denominarse Capítulo VI e manterá o seu mesmo contido, se ben coa reenumeración que corresponda aos artigos tras as modificacións aprobadas para o mesmo (artigos 10, 11, 12 e 13).

SEGUNDO.- Publicar a modificación do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Mondoñedo para os exercicios 2018 - 2020 no boletín oficial da provincia de Lugo.

Mondoñedo, 14 de agosto de 2019.- A ALCALDÍA – PRESIDENCIA, Elena Candia López.

R. 2517

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión celebrada en data 14 de agosto de 2018 aprobou as bases reguladoras e convocatoria que a continuación se transcriben íntegramente:

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA PINTURAS DE FACHADAS DE EDIFICACIONES SITUADAS SIMULTANEAMENTE NO TERRITORIO HISTORICO DO CAMIÑO DE SANTIAGO AO SEU PASO POR MONDOÑEDO E NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO E BARRIOS HISTORICOS DE SAN LÁZARO E OS MUIÑOS.

O Concello de Mondoñedo en cumprimento dos principios de publicidade obxectividade e concorrencia na concesión de subvencións, establece as seguintes bases para a convocatoria pública para a concesión das subvencións con destino a pinturas de fachadas con materiais tradicionais de edificacións situadas simultaneamente no territorio histórico do Camiño de Santiago ao seu paso por Mondoñedo e na Area de rehabilitación do Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños.

1. OBXECTO E AMBITO

As presentes bases teñen por obxecto a convocatoria de concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co sinalado no art. 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para financiar, única e exclusivamente, o gasto correspondente a pintura de fachadas de inmobles empregando materiais tradicionais.

O ámbito de aplicación correspondente a Pintura de Fachadas de edificacións é o situado simultaneamente no territorio histórico do Camiño de Santiago ao seu paso por Mondoñedo e na Area de rehabilitación do Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños.

O crédito global que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de 30.265,00 euros con cargo á partida 1522.78000 do orzamento vixente. A presente actuación se atopa financiada íntegramente pola Axencia de Turismo de Galicia ao abeiro dos “Premios Parabéns 2018-2019”.

2. BENEFICIARIOS

Poderán participar na presente convocatoria os propietarios de inmobles ubicados simultaneamente no territorio histórico do Camiño de Santiago ao seu paso por Mondoñedo e na Area de rehabilitación do Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños.

Non poderán obter a condición de persoas beneficiarios aqueles nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na súa normativa de desenvolvemento ou no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.

As persoas interesadas, ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que este concello estableceza nesta convocatoria así como aos demais requisitos que se establezan na normativa reguladora.

3. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As bases da convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

A presentación de solicitudes se deberá cumprimentar no modelo de solicitude anexo as presentes bases. Dirixirase a Oficina Municipal de Rehabilitación e presentaranse no Rexistro Xeneral do Concello de Mondoñedo, en horario de oficina, sito na Pza. Do Concello nº 1 de Mondoñedo, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e ata o 15 de outubro de 2019 ou esgotamento do crédito.

No caso de esgotamiento do crédito antes do 15 de outubro de 2019, o Concello publicará dita circunstancia no B.O.P. e no taboleiro de anuncios da sede electrónica a fin de pechar anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei de subvencións de Galicia.

4. DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán presentar a seguinte documentación xenérica cotexada:

A.- Documentación acreditativa de identificación do solicitante e titularidade da edificación.

a) Se o promotor/a é unha persoa física:

1/ Fotocopia do documento identificador da persoa que asine a solicitude e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.

2/ Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervincentes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.

b) Se o promotor/a é unha persoa xurídica:

1/ Documento acreditativo da constitución da sociedade.

2/ Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervincentes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.

c) Se o promotor/a é unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, presentará ademais:

1/ Documento acreditativo da constitución da comunidade.

2/ Documento acreditativo da representación coa que se actúe.

3/ Acta ou certificado da comunidade de propietarios onde se aprobe a execución das actuacións e a solicitude da subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.

4/ Relación de todas as persoas integrantes da comunidade, co NIF de cada unha, referencia catastral de cada vivenda e local.

5/ Xustificante da participación de cada propietario na Comunidade de Propietarios.

B.- Declaración responsable das persoas beneficiarias das subvencións, onde conste:

- Que non se atopan incursos nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiaria sinaladas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003.

- Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación así como o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

C.- Certificados.

- Certificacións de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Administración Local. No suposto de que non se dispuxese deste documento no intre da presentación da solicitude de subvención, a certificación deberá de presentarse en todo caso antes da proposta de resolución de concesión da subvención, consonte ó disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

D.- Documentación referente ás obras e do edificio:

a) Memoria técnica na cal expresen as obras que se van executar, a súa valoración, con un **orçamento debidamente desagregado detallando tipo de pinturas, superficie, prezos unitarios de todas as partidas**. A memoria técnica deberá conter os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre a rasante, superficie sobre a rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar.

b) Licenza ou comunicación previa segundo proceda e autorizacións precisas para a execución das obras. No suposto de que, no momento da presentación da solicitude, o interesado non conte aínda co acordo de concesión de licenza e autorizacións para a execución das obras deberá presentar xustificante da súa solicitude, debendo aportarse, en todo caso, a concesión da licenza e autorizacións antes do inicio das obras.

c) Fotografías do estado actual de todas as fachadas do inmoble

Toda a documentación deberá presentarse en orixinal ou copia cotexada.

Si a solicitude presentada adoececa de algún defecto de forma e non estivera debidamente acompañada da documentación esixida, requirirase o solicitante ou, no seu caso a calquera dos demais asinantes, para que no prazo de dez días hábiles subsane a falta e acompañe os documentos correspondentes con indicación de que, si así non o fixera terase por desistido da súa solicitude archivándose a mesma sen mais tramites.

5. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A instrución do procedemento corresponderá a Oficina de Rehabilitación, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

A proposta de resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica para que os interesados poidan presentar as alegacións que estimaran oportunas no prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

De non presentarse alegacións, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva. De presentarse, o órgano instrutor examinará as alegacións presentadas, e formulará proposta de resolución definitiva.

A proposta de resolución definitiva deberá expresar as entidades solicitantes para as que se propón a concesión de subvencións e a súa contía así como as solicitudes desestimadas, especificando os criterios de seguidos para efectualas. Xunto coa proposta, a instrutora emitirá un informe no que se estableza que da información que consta no seu poder despréndese que as entidades beneficiarias cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

A partires da proposta e tras a fiscalización da Intervención Municipal, a resolución corresponderá á Xunta de Goberno Local que é asemade o órgano que ten a competencia para autorizar o correspondente gasto, tras a proposta formulada polos servizos de rehabilitación.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación de acordo co establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, conforme aos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, do 3 de xuño, contencioso-administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de acordo co artigo 24.2 da Lei 39/2015 podendo entón as entidades interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/98.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

O prazo máximo para resolver será de quince días contados a partires da finalización do prazo para a solicitude das subvencións. Transcorrido o devandito prazo, os solicitantes aos que non se lles notifique resolución expresa, entenderán que a súa solicitude foi denegada.

O outorgamento das subvencións notificarase ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40, 41, 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se no prazo de dez días a entidade beneficiaria non manifestara o contrario, entenderase que acepta a subvención quedando suxeito ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fins de lucro.

6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O Concello, en función da dispoñibilidade de orzamento, do número máximo de axudas que se poidan conceder e da orde de entrada das solicitudes presentadas coa solicitude completa, seleccionará as actuacións subvencionadas.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria, será en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co establecido no artigo 19.2 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a selección de beneficiarios será por orde de entrada en calquera dos medios legais dispoñibles para a entrega de documentación na administración pública que conte cun rexistro de entrada con data e hora. Isto ata que concorra algún destes casos: esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria pública, acabar o número de intervencións concedidas.

Terán sempre preferencia aquelas solicitudes que presenten de forma completa a documentación esixible.

7. IMPORTE DA SUBVENCIÓN

A contía das subvencións será do 40% do custo das actuacións subvencionables, para pintura de inmobles, con materias tradicionais, incluídos dentro da area de Rehabilitación. A contía máxima das axudas en calquera dos casos será de 5.000€.

8. COMPATIBILIDADE

As subvencións que se contemplan nas presentes bases son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma de todas non supere o custo total da actuación concreta.

9. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

As obrigas das persoas beneficiarias son as seguintes:

- a) Realizar as actuacións de pintura de fachadas para as que se concedeu a axuda dentro do prazo máximo establecido.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Mondoñedo considere pertinentes durante a vixencia da subvención.
- c) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Municipal.
- d) Comunicar o Concello de Mondoñedo a finalización das obras sempre antes do 30 de outubro de 2019.
- e) Comunicar o Concello de Mondoñedo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza.
- f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- g) Facer constar na execución da actuación subvencionada que conta coa subvención outorgada polo Concello de Mondoñedo.
- h) As demais obrigas recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 do decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

10. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

De acordo co disposto nas seguintes bases, son actuacións subvencionables as seguintes:

As de pinturas de fachadas de inmobles incluídos simultaneamente no territorio histórico do Camiño de Santiago ao seu paso por Mondoñedo e na Area de rehabilitación do Casco Histórico de Mondoñedo e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños, sempre que se empreguen as técnicas e cores axeitadas ó tipo de inmovible, como poden ser as pinturas á cal, etc...

Poderán acollerse ás axudas as actuacións iniciadas pero que non estean finalizadas á data da presentación das solicitudes por parte dos interesado no período establecido ó efecto.

O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de aprobación da axuda, en ningún caso poderá ser posterior o 30 de outubro de 2019.

Custos subvencionables:

- Custos dos materiais e execución das obras, beneficio industrial e gastos xerais.
- Custos de honorarios de proxectos.

Custos non subvencionables:

- Impostos, taxas e tributos.
- Os gastos e custos financeiros como consecuencia do investimento.

— Aqueles conceptos das facturas que non se poidan facer corresponder, dun xeito inequívoco, cos considerados subvencionables.

11. ORZAMENTO PROTEXIDO

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total das actuacións precisas para a pintura de fachadas de inmobles, que en ningún caso poderá superar os custos medios de mercado establecidos de conformidade coa última edición publicada da base de prezos da construción de Galicia 2017, ou normativa que a substitúa.

12. SOLICITUDE DA VISITA TÉCNICA PREVIA

Poderá solicitarse unha visita de inspección técnica previa á solicitude oficial das axudas, co fin de asesoramento. Os técnicos da Oficina de Rehabilitación realizarán a visita para comprobar o estado da edificación e asesorar ao particular sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación dos inmobles.

13. PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

O recoñecemento da obriga e posterior pago da subvención efectuarase en un só prazo mediante transferencia bancaria o interesado.

Para proceder a dito pago os beneficiarios deberán xustificar a obra realizada, presentando no prazo de dez días dende o seu remate, facturas orixinais (nas que o beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura) e copias acreditativas do pago dos traballos de pintura das fachadas.

Procederase á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificativo teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

Con carácter previo ao abono das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán presentar:

- a) Certificado da titularidade a nome do beneficiario da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b) Certificados de que o beneficiario está ao corrente dos pagos da Seguridade Social, da Axencia Tributaria Galega, e da Administración Tributaria Estatal, así como autorizacións ao Concello para consultar os datos de estar ao corrente coa administración Local.
- c) Declaración de conxunto de tódalas axudas percibidas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, ou da non percepción destas, declaración de ter cumprida a finalidade para a que se concedeu a subvención.
- d) Estado de Gastos e Ingresos da actividade realizada.

Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ó custo asumido por cada unha delas. As persoas beneficiarias, destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións.

Cando se trate de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, debe repercutirse nas persoas propietarias e, se é o caso, nos locais comerciais ou predios de outros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Para estes efectos deberá cada propietario presentar a documentación referida neste punto, non podendo percibir a subvención os propietarios que non cumpran cos requisitos establecidos no punto 2 da presente convocatoria. O aboamento da subvención no suposto de comunidades de propietarios realizase da forma descrita neste parágrafo. No caso de solicitar o abono á comunidade de propietarios será esta a que repercute a subvención correspondente a cada membro da mesma, debendo acreditar ante o Concello dito feito, así como o cumprimento por cada receptor de que cada un se atopa ó corrente dos pagos ante a Seguridade Social, a Axencia Tributaria Galega, a Administración Tributaria Estatal e local, e cumpre cos requisitos para a súa percepción.

14. DENEGACIÓN E REVOGACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

a) Sen prexuízo das posibles incompatibilidades que legalmente foran aplicables en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

b) Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

c) Consonte o artigo 26, da Resolución do 3 de agosto de 2018:

- O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal

correspondente desde o seu pagamento máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.

- Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, ademais da de non reunir as condicións indicadas nos puntos 2 e 4 da convocatoria, as seguintes:

- Incurrir en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda reflectido no apartado 5 desta convocatoria.
- Acometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.
- O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
- A incorrecta execución das obras de rehabilitación apreciada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
- O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
- Calquera outra que establezan as normativas vixentes.

15. PUBLICIDADE DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

Procederáse á publicación no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Redondela e no taboleiro de anuncios do Concello. Asemade cando algunha das subvencións concedidas a un beneficiario sexa superior a 3.000 euros procederáse á publicación no Diario Oficial de Galicia dun extracto do acordo de concesión das subvencións indicando os lugares onde se atopa exposto o seu contido íntegro. En todo caso, o acordo de concesión será exposto polo prazo de 30 días no taboleiro de anuncios do Concello onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, as entidades beneficiarias, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

16. TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Tratamiento	CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES
Responsable	Concello de Mondoñedo, Plaza do Concello, nº 1, CP 27740, en Mondoñedo; correo electrónico: concellomondonedo@gmail.com; teléfono: 982 52 40 03
Datos Delegado de Protección de Datos	Nombre del Delegado de Protección de Datos: Computer-3, S.L.U. Correo electrónico: dpd@computer-3.com; teléfono: 982 28 40 50
Finalidad y plazos de conservación	Gestión de los expedientes administrativos de subvenciones que se generan en el Concello, tramitación de instancias y/o solicitudes administrativas formuladas al Concello. Los datos proporcionados se conservarán durante el tiempo necesario para cumplir con la finalidad para la que fueron recabados y para determinar posibles responsabilidades que se pudieran derivar de dicha finalidad y/o tratamiento de datos. Será de aplicación lo dispuesto en la normativa de archivo y documentación en el sector público. Sus datos no serán utilizados para elaborar decisiones automatizadas.
Legitimación del tratamiento	La base legal para el tratamiento de sus datos es el cumplimiento de una obligación legal regulada en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.
Destinatarios de los datos	Sus datos personales serán cedidos a los órganos administrativos del Concello, a los que se dirija su solicitud y, en su caso, a los que tengan competencia sobre el asunto planteado según la Ley 39/2015.
Derechos de las personas interesadas	Cualquier persona tiene derecho a obtener confirmación sobre si en el Concello de Mondoñedo se están tratando datos personales que le conciernan, o no. Las personas interesadas tienen derecho a acceder a sus datos personales, así como a solicitar la rectificación de los datos inexactos. Para ello las solicitudes de ejercicios de

	<p>derechos pueden dirigirse al Registro de Entrada del Concello de Mondoñedo, Plaza do Concello, nº 1, CP 27740, en Mondoñedo, o a través de los formularios disponibles en https://mondonedo.sedelectronica.gal/info.0 (Protección de datos).</p> <p>Si considera que alguno de los derechos anteriormente mencionados no ha sido respetado, Usted tendrá derecho a presentar una reclamación ante la Agencia Española de Protección de Datos. (https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php)</p>
--	--

17. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

Estas bases e convocatoria e as subvencións que se concedan de acordo con ela efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

- 1.- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 2.- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións.
- 3.- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- 4.- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.
- 5.- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.
- 6.- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 7.- Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- 8.- As Bases de execución do Orzamento do Concello de Mondoñedo.
- 9.- Demais normativa aplicable.

ANEXO I: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PINTURA DE FACHADAS (2019) NA LOCALIDADE DE MONDOÑEDOD.D^a

DNI:

Domicilio:

Teléfono:

Correo electrónico:

Domiciliación Bancaria:

D.D^a (cumprimentar os datos os demais propietarios do inmoble)

SOLICITAN, a concesión dunha subvención para pintura da/s fachada/s, do inmoble sito na C/ Pza.....
..... nº de Mondoñedo, o amparo da convocatoria publicada no Boletín oficial da provincia en data.....Aprobada pola Xunta de
Goberno local en data.....

Aportase a seguinte documentación:

- a) Documentación acreditativa de la propiedade do inmoble e da identidade do solicitante.
- b) Fotografía da/s fachada/s obxecto de solicitude .
- c) Compromiso de execución da obra segundo modelo anexo II .
- d) Declaracións responsables segundo modelo facilitados polo Concello.
- e) Declaración responsable de estar o corrente das obrigacións tributarias e da Seguridade social .

Lugar, data e firma do/s solicitante/s

ANEXO II**COMPROMISO DE EXECUCIÓN**

D.D^a

DNI.

Domicilio:

Teléfono:

Correo electrónico:

D.D^a (cumprimentar os datos os demais propietarios do inmoble)

DECLARA/N

Baixo a súa responsabilidade:

- a) Que se compromete/n a executar a obra de pintura da/s fachada/s , para a que foi outorgada subvención, asumíndose por/los propietario/s a financiación da parte non subvencionada.
- b) Que coñecen e aceptan as bases da convocatoria das presentes axudas
- c) Que non están incurso en procedementos de reintegro ou sancionadores de subvencións públicas.

Lugar, data e firma do/s propietario/s

Mondoñedo, 14 de agosto de 2019.- A ALCALDÍA - PRESIDENCIA, Elena Candia López.

R. 2518

SARRIA

Anuncio

Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento-depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao **segundo trimestre de 2019**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 1 de Outubro de 2019, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

En Sarria, a 5 de agosto de 2019.- A SR. ALCALDE, Claudio Melquiades Garrido Martinez.

R. 2476

XERMADE

Anuncio

Asunto: aprobación inicial de expediente de suplemento de crédito extraordinario núm. 2019/SC/01.

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión ordinaria celebrada o 8 de agosto de 2019, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2019/SC/01, do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, por importe de 87.994,92€, financiado con remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o acordo inicialmente adoptado.

Xermade, a 9 de agosto de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2477

MINISTERIO DE FACENDA
BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - CHANTADA

Anuncio

CONVOCATORIA AXUDAS AO TRANSPORTE ESCOLAR CURSO 2018-2019

BDNS(Identif.):470460

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións , publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de datos Nacional de Subvencións , na páxina web do Concello e no BOP de Lugo.

1.- Requisitos

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os ou as/os propias/os alumnas/os se son maiores de idade que reúnan os seguintes requisitos:

a.- Toda a unidade familiar deberá estar empadroada no Concello de Chantada.

b.- Ter cursado ou ter fillas/os cursando algún dos estudos Ciclo medio de formación profesional

Ciclo superior de formación profesional

Estudios universitarios ou de réxime especial

Outros estudos non impartidos en centros oficiais do termo municipal.nalgún centro educativo sostido con fondos públicos durante o curso 2018/2019 e ter aprobado a lo menos ó 30 % das materias correspondentes a matrícula do curso 2017/2018.

c.- Non superar os ingresos económicos, Renda per capita familiar igual ou inferior ao 150%IPREM (9.681,12 € anuais .)

d.- Non ser, ningún membro da unidade familiar, debedor/a a Facenda Municipal, Autonómicas ou Estatal así como a Seguridade Social.

e.- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Chantada.

f.- Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

2.- Obxecto

O obxecto desta convocatoria e a concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudaron fora do termo municipal durante o curso 2018/2019.

3.- Bases reguladoras e documentación a presentar pódense consultar na páxina web do Concello e no BOP de Lugo.

4.- Cuantía

O importe das achegas a conceder , ascenderán a un importe único de 200,00 € por beneficiario e curso escolar.

CHANTADA, 14 DE AGOSTO DE 2019.- MANUEL LORENZO VARELA RODRIGUEZ.

R. 2530

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/28856

Alfonso Torreiro Rodríguez en representación de la Comunidad de Usuarios de Aguas de Cubelo solicita la concesión de un aprovechamiento de 0,6062 l/s de agua procedente de un manantial sito en el lugar y parroquia de Covelo (San Xoán), en el término municipal de Palas de Rei (Lugo) para abastecimiento y usos ganaderos.

La captación se realiza en un pozo de anillos de hormigón de 2 m de profundidad y 1 m de diámetro. Desde éste parte una tubería que conduce las aguas hasta el depósito que será una nave donde se alojan 30 depósitos desde donde se distribuyen a las zonas a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Palas de Rei**, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 5 de agosto de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2479
